


CULTURA CIENTÍFICA

AVANCES EN BIOMEDICINA

A seguinte gráfica amosa os efectos da administración de TMZ, un fármaco antitumoral, sobre tumores en animais de laboratorio. Adminístrase por separado e en combinación con THC, principio activo extraído da planta *Cannabis sativa*. Analiza a gráfica e responde razoadamente:



1. Que é un fármaco antitumoral? Por que se proba en animais de laboratorio?
2. Que tipo de tratamento é un placebo? Cal é a súa finalidade?
3. Que efectos producen o TMZ e o THC por separado?
4. Que efecto produce o emprego combinado de ambos fármacos?
5. Cal é o nome vulgar da planta *Cannabis sativa*? Está ben empregado o nome científico desta planta? Xustifica a túa resposta.